

**15821** REAL DECRETO 1070/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba a norma de calidade para o leite callado. («BOE» 207, do 29-8-2007.)

A Orde do 14 de xuño de 1983 pola que se aproba a norma de calidade para o leite callado no mercado interior, foi modificada, en parte, polas ordes do 8 de maio de 1987 e do 23 de xaneiro de 1998 e derogada, no relativo a aditivos, polo Real decreto 145/1997, do 31 de xaneiro, polo que se aproba a listaxe positiva de aditivos distintos de colorantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización, posteriormente derogado polo Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, polo que se aproba a listaxe positiva de aditivos distintos de colorantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.

Así mesmo, incluso non existindo normativa harmonizada na Unión Europea sobre o leite callado, son aplicables diversas disposicións comunitarias de carácter horizontal, relacionadas cos produtos lácteos e cos alimentos en xeral, que inciden sobre determinados aspectos regulados pola mencionada norma de calidade, deixándoos sen aplicación.

Por outra parte, a mencionada norma de calidade non prevé a posibilidade de lle incorporar ao leite callado outros ingredientes non lácteos, o cal, tendo en conta o desenvolvemento das técnicas de produción do sector industrial, fai necesaria unha clasificación dos diferentes tipos de leite callado en función dos ingredientes incorporados, de acordo coas novas necesidades de mercado en canto á diversificación da oferta de produtos e co fin de contribuír ao desenvolvemento do comercio en condicións de competencia leal.

En consecuencia, considérase procedente a derogación da mencionada Orde do 14 de xuño de 1983, co obxecto de establecer unha nova norma de calidade para o leite callado que se recolle neste real decreto.

A regulación lévase a cabo mediante unha disposición con rango formal de real decreto por considerar que é o instrumento normativo axeitado para determinar exhaustivamente todos os aspectos básicos desta materia, debido ao seu carácter marcadamente técnico.

No proceso de tramitación deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados, e emitiu informe favorable a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Este real decreto foi sometido ao procedemento previsto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, pola que se establece un procedemento de información en materia das normas e regulamentacións técnicas, e no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, que incorpora esta directiva ao ordenamento xurídico español.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, do ministro de Sanidade e Consumo, e do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xullo de 2007,

**DISPÓN O:**

Artigo único. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Apróbase a norma de calidade para o leite callado elaborado en España que se insire a continuación.

Este real decreto aplícase sen prexuízo das normas sanitarias e doutras disposicións específicas que afecten a produción e comercialización do leite callado.

Disposición adicional única. *Cláusula de recoñecemento mutuo.*

Os requisitos deste real decreto non se aplicarán ao leite callado legalmente fabricado ou comercializado de acordo con outras especificacións nos outros Estados membros da Unión Europea nin aos produtos orixinarios dos países da Asociación Europea de Libre Comercio (AELC), partes contratantes no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (EEE) e Turquía.

Disposición transitoria única. *Prórroga de comercialización.*

Os produtos etiquetados con anterioridade á data de entrada en vigor deste real decreto e que non se axusten ao disposto nel poderanse comercializar ata que se esgoten as súas existencias.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto e en particular a Orde do 14 de xuño de 1983 pola que se aproba a norma de calidade para o leite callado no mercado interior.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase de conformidade co disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Palma de Mallorca o 27 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

**NORMA DE CALIDADE PARA O LEITE CALLADO**

**1. Definición.**

Enténdese por leite callado o produto semisólido obtido do leite enteiro, semidesnatado ou desnatado, sometido a tratamento térmico adecuado, coagulado pola acción do calleiro ou outras encimas coagulantes autorizadas, sen adición de fermentos lácteos e sen proceso de desoramento.

**2. Tipos de leite callado.**

Tipos de leite callado: segundo os produtos engadidos, o leite callado pódese clasificar do seguinte xeito:

**2.1 Leite callado: o definido no número 1.**

**2.2 Leite callado azucrado:** é o leite callado definido no número 1 ao cal se lle engadiu azucre ou azucres comestibles.

2.3 Leite callado edulcorado ou con edulcorante: é o leite callado definido no número 1 ao cal se lle engadiron edulcorantes autorizados.

2.4 Leite callado con froitas, zumes e outros produtos alimenticios: é o leite callado definido no número 1, ao cal se lle engadiron ingredientes tales como froitas, zumes e outros.

2.5 Leite callado aromatizado: é o leite callado definido no número 1 ao cal se lle engadiron axentes aromatizantes autorizados.

### 3. Factores esenciais de composición e calidade.

3.1 Materia graxa láctea: o contido mínimo en materia graxa do leite callado será do 3,5 por cento m/m sobre a parte láctea, agás para o leite callado «semidesnatado» no cal o contido mínimo será superior ao 1 por cento e o máximo do 2 por cento de materia graxa m/m sobre a parte láctea, e para o leite callado desnatado, no cal o máximo será do 0,5 por cento.

3.2 Extracto seco magro lácteo mínimo: 11,5 por cento, expresado en masa/masa sobre o produto terminado.

3.3 Contido en leite callado: para o leite callado con froitas, zumes e outros produtos naturais definidos no número 2.4, a cantidade mínima de leite callado no produto terminado será do 70 por cento m/m.

Para o leite callado aromatizado definido no número 2.5 a cantidade mínima de leite callado no produto terminado será do 80 por cento m/m.

3.4 O límite mínimo de colesterol, dentro dos esteróis, para o leite callado de vaca, cabra e ovella será dun 98 por cento.

### 4. Materias primas. Ingredientes esenciais e facultativos.

#### 4.1 Ingredientes esenciais:

4.1.1 Leite enteiro, semidesnatado ou desnatado, concentrado ou non, de ovella, cabra, vaca ou as súas mesturas.

4.1.2 Calleiro ou outros coagulantes de leite que cumpran o disposto na Orde do 14 de xaneiro de 1988 pola que se aproba a norma xeral de identidade e pureza para o calleiro e outras encimas coagulantes de leite destinadas ao mercado interior.

4.1.3 Azucre e azucres comestibles no leite callado azucrado definido no número 2.2.

4.1.4 Edulcorantes autorizados no leite callado edulcorado definido no número 2.3.

4.1.5 Froitas, zumes e outros ingredientes naturais no leite callado con froitas, zumes e outros ingredientes naturais, definido no número 2.4.

4.1.6 Axentes aromatizantes autorizados no leite callado aromatizado definido no número 2.5.

#### 4.1 Ingredientes facultativos:

4.2.1 Leite en po enteiro, semidesnatado ou desnatado en cantidade que permita axustar o extracto seco total.

4.2.2 Nata, para poder satisfacer os requisitos do contido de materia graxa.

4.2.3 Xelatina, en dose máxima de 7 gramos por quilogramo de leite callado.

4.2.4 Azucre e azucres comestibles no leite callado definido nos números 2.4 e 2.5.

4.2.5 Edulcorantes autorizados no leite callado definido nos números 2.4 e 2.5.

4.2.6 Axentes aromatizantes autorizados no leite callado con froitas, zumes e outros produtos alimenticios definido no número 2.4.

### 5. Aditivos autorizados.

5.1 Colorantes: poderanse utilizar os colorantes autorizados para o leite callado polo Real decreto 2001/1995, do 7 de decembro, polo que se aproba a listaxe positiva de aditivos colorantes autorizados para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.

5.2 Edulcorantes: poderanse utilizar os edulcorantes autorizados para o leite callado polo Real decreto 2002/1995, do 7 de decembro, polo que se aproba a listaxe positiva de aditivos edulcorantes autorizados para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.

5.3 Aditivos distintos de colorantes e edulcorantes: poderanse utilizar os aditivos autorizados para o leite callado polo Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, polo que se aproba a listaxe positiva de aditivos distintos de colorantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.

### 6. Etiquetaxe.

A etiquetaxe dos produtos recollidos nesta norma debe cumprir o disposto no Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, e o establecido noutras disposicións comunitarias aplicables na materia, coas seguintes particularidades:

#### 6.1 Denominación de venda.

6.1.1 A denominación do produto corresponderase cos diferentes tipos definidos no número 2 desta norma, tendo en conta as seguintes precisións:

O leite callado con froitas, zumes e outros produtos alimenticios denominarase mediante a expresión: «leite callado con...», seguida da indicación do nome específico das froitas, zumes ou produtos incorporados ou do xenérico «froitas» ou «zumes de froitas».

O leite callado aromatizado denominarase mediante a expresión: «leite callado con sabor a...», indicándose a continuación o nome da froita ou produto a que corresponda o axente aromatizante utilizado.

6.1.2 O leite callado que se fabrique con leite distinto do de vaca deberá incluír na súa denominación a indicación da especie ou especies animais das cales proceda o leite empregado por orde descendente de proporcións.

6.1.3 Ademais, se é o caso, indicaranse as mencións «semidesnatado» ou «desnatado», en función do contido en materia graxa láctea, de acordo co previsto no número 3.1.

6.2 Contido en materia graxa: indicarase o contido de materia graxa por cen gramos de produto acabado. Porén, esta mención non será exixible cando forme parte da etiquetaxe nutricional.